



TÍTULO IV. SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLO CONCELLO.

CAPÍTULO ÚNICO. SUBVENCIONES NOMINATIVAS.

BASE 52ª. SUBVENCIONES NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO.

1. As subvencions que se outorguen polo Concello de Vimianzo axustaranse ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions e na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencions de Galicia, e Ordenanza Xeral de Subvencions

2. O vixente orzamento contempla as seguintes subvencions nominativas para contribuír ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, con carácter fixo e cos seguinte contía determinada:

I. Excursións culturais de fin de curso: para alumnos veciños do municipio, matriculados nos colexios: San Vicenzo de Vimianzo; Colexio Público de Baiñas; A Ponte do Porto (Camariñas); Labarta Pose (Baio) IES Máximo Romero de Lema (Baio) e IESP e ESO de Vimianzo: a razón de 12,02€ por alumno/a dos cursos que este ano participen na excursión, con cargo a partida 326.48900.

II. Actividades culturais do CEIP San Vicenzo de Vimianzo (300€), CEIP de Baiñas (200€), IES Terra de Soneira de Vimianzo (300€), CEIP A Ponte do Porto (Camariñas) (100€), e CEIP Labarte Pose de Baio (100€), con cargo a partida 334.45000.

III. Actividades deportivas do CEIP San Vicenzo de Vimianzo (300€), CEIP de Baiñas (200€), IES Terra de Soneira de Vimianzo (300€), CEIP A Ponte do Porto (Camariñas) (100€), e CEIP Labarte Pose de Baio (100€), con cargo a partida 341.45000.

IV. Actividades culturais e deportivas de cada escola unitaria (100€), con cargo a partida 334.45000.

V. Subvención á explotación para a empresa concesionaria dos servizos de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas, por importe da diferenza de entre o prezo ofertado e a aplicación da Ordenanza fiscal nº 24, publicada no BOP nº 245. Con único fin de manter como prezos máximos os fixados en dita ordenanza. O importe subvencionado durante o exercicio será o resultante de aplicación da cláusula 4ª do prego de cláusulas económico - administrativas que rexeu no proceso de licitación, sen prexuízo de unha liquidación definitiva, con cargo a partida 231.47200

VI. Subvención á asociación sen ánimo de lucro, Asociación Cabalar Monte Faro, encargada da organización da festa da Rapa das Bestas, en importe de 2.000 €, serán subvencionables os gastos nos que se incorra para levar a cabo dita actividade, con cargo a partida 338.48000.

VII. Subvención a outorgar a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vimianzo, para colaborar nos gastos de funcionamento e mantemento, por unha cantidade de 2.000 €, con cargo a partida 135.48900.



VIII. Subvención a outorgar á asociación sen ánimo de lucro, Comunidade Monte Cabral de Baiñas e Val por importe de 200 €, para contribuír o fomento do desenvolvemento rural, con cargo a partida 414.48000.

Igualmente se inclúen as seguintes subvencións nominativas as comisións ou entes que organicen as festas relacionadas a continuación, con cargo a partida 338.48000. Para facer efectiva a subvención deberase nomear representante legal da mesma e cumprir coa normativa de subvencións vixente:

- Festa de San Pedro de Berdoias170 €
- Festa de San Cristobal de Carnés.....410 €
- Festa do Carme de Carantoña.....455 €
- Festa de Santiago Apostol de Cereixo.....375 €
- Festa de San Ramon de Castromil.....365 €
- Festa de San Antoiño de Baiñas.....555 €
- Festa de San Fins de Cambeda.....100 €
- Festa de Nosa Señora de Fátima de Cambeda.....260 €
- Festa de San Miguel de Treos.....270 €
- Festa de Santa Barbara de Calo.....280 €
- Festa de San Martiño de Vilaseco.....100 €
- Festa de Santa Eulalia de Tines.....150 €
- Festa de Santa Lucía de Tines.....100 €
- Festa de Santa Cruz de Serramo.....205 €
- Festa de Bamiro-Monte Tora.....327 €
- Festa de Castrelo.....207 €
- Festa de Irena de Salto.....100 €
- Festa de San Bartolo de Salto.....100 €
- Festa de Santa Cristina de Berdoias.....100 €
- Festa de San Roque de Berdoais.....100 €
- Festa de San Antonio de Carnés.....100 €
- Festas de Trasouteiro.....100 €
- Festas de Verán de Vimianzo.....12.000 €

3. Todas estas subvencións nominativas, de concesión directa, requiren que os beneficiarios de ditas axudas cumpran coas obrigas que derivan da resolución da concesión das mesmas, ou do convenio que se asine.

4. Os beneficiarios destas axudas non poderán participar noutras subvencións de concorrencia competitiva con programas co mesmo obxecto ou fins.